

CADERNOS DE ESTUDOS LOCAIS · Nº EXTRAORDINARIO

Isaac Díaz Pardo e as Cerámicas do Castro

Xosé Díaz


FREBREIRO DE 2011



ISAAC DIAZ PARDO E AS CERÁMICAS DO CASTRO

Cando escoitamos falar hoxe do Castro de Samoedo asociamos instantaneamente este lugar á cerámica. Sen embargo hai uns anos esta aldea da parroquia de Osedo, a dous quilómetros do mar de Sada, nada tiña que ver con esa actividade –artesanal ou industrial–, pois no Castro non había tradición de alfarería popular, nin de outra clase de actividade que tivera o barro ou a arxila como materia prima. Por non haber, non había ningún tipo de actividade que non fora o traballo do agro e, algo, do mar, pois, aínda que de terra adentro, algúns homes participaban nas faenas pesqueiras no veciño porto de Fontán: eran os “mariñeiros” do Castro, que de cote víamos baixar cara a ría coa roupa de faena ao lombo e co cesto das viandas para

Díaz Pardo no obradoiro de decoración do Castro, pintando unha figura da súa autoría (ca. 1952)



Edifícios do complexo industrial do Castro. Á esquerda a nave de produción, co mural que Luís Seoane deseñou en 19nos anos sesenta; á dereita o Museo Carlos Maside; e ao fondo o Laboratorio de Industria e Comunicación

Edita

Asociación Cultural Irmáns Suárez Picallo
comionsuárezpicallo@gmail.com
www.blogteca.com/acsuarezpicallo/
Sada · xaneiro 2011

Imprime

Gráficas Brial

o tempo que pasaban no barco, cesto que, con sorte, regresaba ao fogar con algunha faneca ou sardiña para axudar á mantenza dos seus; que os tempos non eran fáciles e fóra destas dúas saídas laborais, non había máis opcións que marchar a buscar traballo á Coruña –case sempre de albanel– ou, durante os aos sesenta, a Suíza, Holanda ou Alemaña. Foi neste tempo de penurias, a partir de 1948 cando un pintor compostelán que vivía en Madrid –cidade na que estudou e se desenvolveu como artista plástico– se instala no Castro e comeza unha aventura artística e industrial de moito calado, como de seguido imos ver. Todo este tempo de estradas de pedra e lama, de escuridade e silencio, de illamento e medo, ficará plasmado



Carmen e Isaac de mozos, na praia de Sada (1944)

con mestría por Isaac Díaz Pardo no seu álbum *Unha presa de dibuxos feitos por Isaac Díaz Pardo de xente do seu rueiro* (Bos Aires, 1956), onde en vinte capítulos, cada un con texto e imaxe, describe o mundo pequeno e pechado do Castro, coas súas xentes e os seus dramas: a pobreza, a emigración, a explotación, o asoballamento e o atraso.

Nese Castro de Samoedo de 1945 vai casar Isaac con Carmen Arias –Mimina, no alcume familiar–, unha rapaza coruñesa cuxo pai ten casa grande no Castro, onde pasa a moza os veráns. A rapaza vive na Cidade Vella coruñesa e, chea de vocación artística, acude ás clases de pintura de Lolita Díaz Baliño, tía de Isaac, que tiña unha escola de arte de certa sona na Coruña, fronte á casa de Mimina, no alto da rúa do Derribo, lugar chamado Porta de Aires. Alí, no obradoiro de pintura de Lolita, Isaac coñecerá á que será en pouco tempo a súa muller, que

levará a vivir a Madrid, onde nacerá Camilo, o seu primeiro fillo, en 1946. Alí, na capital, o mozo pintor xa ten un sólido prestixio, avalado por importantes críticos de arte –Camón Aznar, Camilo José Cela e Ramón Faraldo, entre outros– e importantes exposicións –tamén en Barcelona e Londres–, que o convirten nun dos valores máis importantes da plástica galega deses anos. O propio Ramón Otero Pedrayo avala ao mozo pintor pronunciando varias conferencias nunhas exposicións de Isaac.

Pois ben, nese momento doce da súa vida, cando goza de éxito profesional e ten unha posición económica desafogada, acontece un dos sucesos máis extraordinarios da súa vida: decide abandonar a súa prometedor e segura carreira de pintor en Madrid e retirarse ao Castro, ou dito doutro modo: trocar a pintura de cabaleta polo chamado arte aplicado ou arte

industrial. De maneira que nese ano de 1948 comeza a instalar, nunhas dependencias anexas á casa grande do seu sogro, un pequeno taller de porcelana onde comeza a deseñar unhas figuras formalmente emparentadas coas súas pinturas e, máis adiante, cando o obradoiro se vai convertendo nunha pequena factoría, deseña as primeiras pezas funcionais. Nacía así ao ano seguinte, en 1949, Cerámicas do Castro, coa vontade de ofrecer ao mercado galego unha colección de porcelana decorativa e de mesa: o pintor de cabaleta convertérase xa en deseñador industrial, un reto que ía marcar profundamente toda a súa traxectoria, se ben a pintura e o debuxo, nai e pai do seu talento e creatividade, constituíu unha actividade que non rexeitou completamente, e que practicou, xa sen carácter profesional, nalgúns momentos da súa vida.

Nun texto do álbum anteriormente citado, *Unha presa de dibuxos de xente do seu rueiro*, titulado “Meu cabaleta”, Isaac explica a súa mudanza: “Os homes podentes me chamaban pra pintar as súas facianas nos lenzos, brillante na man prantada sobor do brazo da cadeira, a cravata de seda natural sobor da camisa de puro fío, as donas burguesas en traxe de festa con fondo de estanza pazal, e, co sinceiro ser dos que desexan agacharse detrás de traxes e caretas, meus cadros tiñan tamén de ser testigos e ritrataban o que ollaban... Os ricos eran así i-eu era unha cámara escura que pintaba por catro cartos o que me mandaban...”. O texto reflicte o noxo que a Isaac lle produce

ter que pintar a tanto personaxe da clase pudente do Madrid dos anos corenta, xente que non lle procuraba a mínima satisfacción, e que lle fai medrar un complexo de culpa crecente e abafante, pois el pensa que a súa función como creador plástico debería estar a carón dos problemas da súa xente e do seu pobo. “Mais a miña i-alma –segue a escribir Isaac– adoeía na miña propia ruindade porque outra vida quedaba na miña terra, que era a que me correspondía, e chegaba a min non sei por onde atordoándome, coma un río chimpado, e canseime dos ricos cos seus traxes a as súas alfaias, do canto de râ das suas gabelas e da sua ben gobernada xordeira; e chegueime a cansar até do xenio requintado dos homes se non resolvía o meu problema. Pensei que sobexa pintar para pintar aquilo e cambiei de profesión para leixarte ceibe. Agora vou buscar xentes das que ti, meu cabaleta, queres espír nos nosos lenzos. Baixarei a Osedo, a Seixeda, a Sada, a Samoedo e as Leixelas, ruburei ao Loureiro, a So-



Portada do álbum *Unha presa de dibuxos feitos por Isaac Díaz Pardo de xente do seu rueiro*. Bos Aires, 1956



Díaz Pardo, primeiro pola esquerda, no seu estudo de pintura do Castro, coa familia e veciños, recién chegado de Madrid (1947)

ñeiro e o Castelo, ou eiquí no Castro, no Lubre ou nas Arcas ei topar aquelas que ti me recramas". Con este confesión de Isaac, pouco queda por aclarar: deixou a pintura de cabaleta e fundou unha fábrica de porcelana, porque estaba farto de que a súa obra só a disfrutasen os "señoritos", eses personaxes cómplices co réxime de Franco que el aborrecía.

Mais a pregunta non se fai esperar: por que ese interese de Isaac pola cerámica? Explicámolo nas liñas que seguen. Nos seus anos de estudante de belas artes na Academia de San Fernando en Madrid aparece un personaxe curioso, inqueda e con ganas de facer cousas; chámase Carlos Saénz de Tejada (1897-1958), un pintor e ilustrador que espuxera as súas obras xunto co grupo dos Artistas Ibéricos (Souto, Alberto, Palencia, Dalí, Bores, Cossío...) e residira nove anos en París, converténdose a partir de 1936 nun dos artistas máis importantes do bando vencedor e no auténtico creador da "parafernalia" gráfica da propaganda do primeiro franquismo: alzamento, cruzada, imperio... Así e todo, era un artista moi interesante e con ganas de facer cousas. Pois ben, este personaxe aparece en 1941 polas escolas de arquitectura e arte de Madrid buscando alumnos destacados para iniciar un curso de deseño industrial –cousa inédita na España daquela época–, e selecciona un grupo entre os que se atopa Isaac. Nese curso, que se facía na Escola da Palma, que era a central das escolas de artes e oficios de España, Isaac toma contacto co deseño industrial, a disciplina de proxectación de obxectos para fabricar en serie pola industria, que non ven a ser outra cousa que a socialización das formas, algo que satisface plenamente a Isaac. Se ben o curso foi un fracaso, pois nin por profesorado, nin por obradoiros, nin por información a cousa podía ser doutra maneira

naqueles tempos de penuria, tivo un aspecto positivo, xa que puxo en contacto aos alumnos cunha nova disciplina descoñecida en España: o deseño. O curso rematou en 1942 e Isaac comezou a súa meteórica carreira de pintor, en Barcelona, Madrid, Roma, Londres, Galicia, Bos Aires...

A decisión de abandonar a pintura de cabaleta vana tomar Isaac como consecuencia dun suceso que ten lugar en 1947, cando o pintor Álvarez de Sotomayor, daquela director do Museo do Prado, pídelo que participe na decoración mural do santuario de Cuelgamuros, o funesto 'Valle de los Caídos'. Aquelo colma o vaso. Como ía acceder a semellante proposta o fillo dun asasinado polo fascismo! Non o pensa nin un minuto e fuxe a Galicia, onde un ano despois, toma a decisión de adicarse á industria cerámica, farto de pintar o que non lle gusta e para quen non lle gusta. Así pois, a orixe de Cerámicas do Castro está



Cunca e prato de café deseñados por Díaz Pardo no Castro, nos primeiros anos cincuenta

"Costureiras", peza deseñada por Díaz Pardo na primeira etapa do Castro (primeiros anos cincuenta)



nestes dous sucesos madrileños, e relacionado con dous singulares personaxes da plástica española: Sáenz de Tejada e Sotomayor. O primeiro achegouno ao deseño industrial, o segundo actuou de revulsivo para replantexarse a súa carreira e a súa vida.

O que ven a continuación é xa coñecido, porque xa se ten escrito e falado delo e porque se desenvolveu na nosa proximidade, a carón das nosas casas e das nosas vidas. Paseniñamente o obradoiro de cerámica foi medrando e perfeccionando as técnicas de fabricación, e as pezas foron aumentando e adaptándose ás necesidades, pois axiña comezan a fabricarse, polos anos 1952-1953, pezas de mesa: pratos, cuncas, vaixelas, xogos de café... que supuxo un esforzo descomunal, pois necesitábase maquinaria sofisticada imposible de atopar na España aillada daqueles anos, de maneira que o pintor tivo que converterse en enxeñeiro e deseñar, ademais das formas cerámicas, má-

quinas que resultaron dunha gran eficiencia e puideron materializar o desenvolvemento tecnolóxico da fábrica, que producía unha porcelana fina e translúcida, inédita en España.

Hai un acontecemento de gran trascendencia no acontecer de Cerámicas do Castro: a ausencia de Isaac en períodos intermitentes a partir de 1956, cando foi invitado polo exilio da Arxentina a montar unha factoría de Porcelana na localidade de Magdalena, a 100 quilómetros de Bos Aires. Aquello daría lugar a tres sucesos extraordinarios e contrapostos. Por unha banda a consecuencia negativa, porque nas longas ausencias de Isaac do Castro apareceron problemas gravísimos, que a xente que el deixara ao mando na fábrica non sabía solucionar, desatándose todo tipo de problemas, técnicos, económicos ou comerciais, incluso dou lugar a tensións entre os responsables e os socios da empresa que só a presenza de Isaac no Castro

Díaz Pardo en Magdalena (República Arxentina), cunha colección de pezas de Cerámicas do Castro (1958)



A cara feminina da figura "Xerra-amor", deseñada por Díaz Pardo ca. 1957




Pezas da forma "portomarínica", deseñada por Díaz Pardo para Cerámicas do Castro en 1963

resolvían e acalmaban. A correspondencia de Isaac nese período coa súa dona Carmen –que traballaba arreo na fábrica e padecía os problemas– é ben elocuente, pois dá conta pormenorizada de cantos contratemplos axeran á empresa e analiza e enxuiza aos responsables, sendo este epistolario un tesouro documental que está en fase de estudo para a súa publicación. Por outra banda está a consecuencia positiva das ausencias de Isaac e a aventura industrial en Arxentina, xa que Magdalena actuou como un laboratorio, tanto a nivel tecnolóxico como a nivel formal, de maneira que alí se experimentaron novas técnicas e novas formas que foron quen de mudar e modernizar o rumbo de Cerámicas do Castro. Tal é así que en 1963 se comeza a construción da nova nave de produción, que dará lugar a unha importante renovación da fábrica, coa aparición das pezas con motivos decorativos en releve tallado na propia porcelana, inspirados na cultura e a tradición de Galicia, unha importante novidade traída de Magdalena que revolucionaría a produción porcelanera do Castro. As formas "portomarínica", "monférica", "castrondórica", "vilar de donas", "cuncha", "follas", etc., que deseñou Isaac, abriron unha nova etapa no Castro de longas consecuencias, pois acrecentou e asentou o prestixio da súa porcelana por moitos anos; tal é así que aínda hoxe se seguen fabricando esas formas nacidas coas ideas de renovación americanas.

Isaac e Rafael Dieste, coas súas donas Carmen Muñoz e Carmen Arias, visitando as obras da nova nave de produción de Cerámicas do Castro (1963)





Cuberta deseñada por Díaz Pardo para un catálogo de Cerámicas do Castro (anos sesenta)

Finalmente, a terceira consecuencia, extraordinariamente positiva, da estancia de Isaac en Arxentina foi o renacemento de Sargadelos. Chegados a este punto, hai que mencionar a importancia que tivo Luís Seoane nestes acontecementos. Isaac viaxa á Bos Aires en 1955 para expoñer alí pinturas e porcelanas. É Seoane quen o chama, atraído polo traballo que está a desenvolver no Castro. Unha vez alí a camaradería entre ambos os dous é total, e xuntos comezan a artellar sistemas para restaurar a degradada situación galega, sumida na longa noite da ditadura. Nace así o Laboratorio de Formas para vehiculizar os proxectos de cara á súa materialización en Galicia. Un deles é a restauración da actividade en Sargadelos, unha fábrica de gran prestixio, xurdida da Ilustración, que levaba pechada case cen anos, e cuxo renacemento serviría de modelo a seguir para a revitalización do país: poñer en pé industrias con ideas e materias primas propias. Cerámicas do Castro xogou un papel fundamental neste proceso, fornecéndoo tecnoloxicamente e financeiramente. Desde O Castro saían os cartos, os técnicos e os proxectistas que fixeron posible a restauración de Sargadelos, de maneira que actuou como base da expansión do grupo, xogando un papel fundamental. No

Castro deseñou tamén Seoane as primeiras pezas de Sargadelos, aló polos anos 1967 e 1968. E no Castro se materializaron moitos dos proxectos do Laboratorio de Formas; entre eles destacan dous: o Museo Carlos Maside –un proxecto moi querido por Seoane que pretendía recoller as vangardas galegas de antes da guerra, para transpasalas ás novas xeración, que as descoñecían–, e Edicións do Castro, outra industria cultural, paralela á porcelana, que axudou a posicionar e a prestixiar o grupo a partir dos anos setenta, dotándoo dun instrumento eficazísimo para o seu desenvolvemento.

Cando en 2006 o grupo de socios, formados e crecidos a carón de Isaac –ao que sempre reverenciaron case místicamente, ata o punto de amosar unha admiración que explicitaban constantemente e resultaba xa omnipresente nas súas conversas–, cando eses socios e compañeiros, dicía, o apartaron da dirección e de todos cantos cargos tiña na empresa –retirándolle as asignacións económicas, co que supón iso para unha persoa de 86 anos que quedou sen xubilación, nin retribución dineraria algunha–, estaba asinándose o certificado de defunción das empresas que, desde aquela, veñen dando tombo tras tombo, desnortadas. Un fin ben dramático para unha obra na que Isaac puxo tanto talento, tanta paixón, tanto traballo, tanta esperanza e tanto alento.



Isaac tallando unha figura no seu estudo do Castro, ca. 1955

CADERNOS DE ESTUDOS LOCAIS

Cadernos editados

Nº 1. *O Ateneo de Cultura Política y Social; unha experiencia societaria na Sada da II República*
M. Pérez Lorenzo

Nº 2. *As letras e o mar*
M. L. Freire-Calvelo, R. Suárez Picallo

Nº 3. *As letras e as festas*
E. Rocha Llobregat, M. L. Freire-Calvelo, R. Suárez Picallo,
X. A. Suárez Picallo

Nº 4. *Manuel Couzo e o C. E. Sada y sus Contornos*
A. López Soto, M. Pérez Lorenzo

Nº 5. *A represión franquista en Sada. As vítimas mortais*
M. Pérez Lorenzo

Nº 6. *A sociedade Sada y sus Contornos*
M. Gayoso Barreiro

Nº 7. *Palabras de Nadal e Aninovo*
R. Suárez Picallo